Manual do usuario

1.- O menú principal:

Na zona superior da pantalla se atopa o menú principal dende o que se pode acceder a todos os contidos. O seu funcionamento é moi sinxelo, fíxate no gráfico:



Tal e como se explica para moverte pola unidade unicamente deberás de facer clic naquel apartado que queiras, tras o cal aparecerá o contido escollido.

2.- Ver/ocultar grosa, esquemas e ligazóns:

Nalgúns lugares, no fondo da pantalla, poderás observar unha serie de botóns que che permiten realizar diversas funcionalidades:

As frechas permiten moverse ó seguinte ou ó anterior apartado, si existise, o botón "ab" permite por en grosa (negriña) as palabras clave que hai no texto, para o estudio, pode ser bo que primeiro leas o texto sen estas palabras remarcadas, logo podes marcalas (polas en grosa) e ver si unicamente con estas palabras eres quen de comentar o que o texto quere transmitir.

O terceiro botón "a**b**" oculta ou mostra esas palabras clave, está tamén pensado para o estudio, podes ocultar esas palabras e intentar lembralas coa axuda do texto que non foi ocultado.

O botón de ver o esquema amosarache un breve mapa conceptual no que se recolle o principal do tratado no apartado, intenta comprendelo.

Fíxate no seguinte gráfico para ter unha idea do que estamos falando.



3.- As lecturas:

A unidade conta con lecturas que teñen un aspecto semellante ó da imaxe, para pasar as follas so debes de por o rato nun dos dous bordes laterais e facer clic., verás que fai un efecto como si se levantase a folla. Tamén podes pasar as follas empregando as frechas dereita e esquerda do teclado.



4.- As actividades:

Na práctica totalidade das actividades te atoparás na parte superior con unha ou dúas ligazóns que se premes te levarán algún lugar de internet onde podes consultar algo relativo as actividades que estás a facer.

Na dereita hai un índice cos números das distintas actividades, si pos o rato enriba de cada número verás o nome da actividade, facendo clic irás directamente a esa actividade.

Cando se realiza unha actividade correctamente, automaticamente, pasa a seguinte sen necesidade de que fagas clic en ningún lado, si pola contra cometiches erros e debes de repetir o exercicio, este se recargará automaticamente.



Lembra que de todo o teu traballo con cada un dos grupos de actividades se elabora un informe que che pode servir de auto-avaliación, si o desexas ver so tes que premer na esquina superior dereita, na pantalla aparecerá as actividades, o tempo empregado en cada unha, as veces que foron feitas, si foron correctas ou non, etc...

5.- Medimos ángulos:

Neste apartado contas cun transportador de ángulos co que podes medir os distintos ángulos propostos.



O seu manexo é moi sinxelo, preme sobre o botón verde para "coller" o transportador, ao "soltalo" sobre a imaxe central aparecerá un transportador. Para medir so tes que premer sobre el e arrastrar o rato ata o sitio desexado.

Fíxate que podes xirar o transportador con tan so premer no botón verde e mover o rato.